

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

8323 *Corrección de erros do Real decreto 1826/2009, do 27 de novembro, polo que se modifica o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo.*

Advertidos erros no Real decreto 1826/2009, do 27 de novembro, polo que se modifica o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 298, do 11 de decembro de 2009, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 2, punto 7.b), onde di: «Rendemento a potencia nominal e unha temperatura media da auga na caldeira de 70 °C: $\eta (\%) \leq 84 + 2 \log P_n$.», debe dicir: «Rendemento a potencia nominal e unha temperatura media da auga na caldeira de 70 °C: $\eta (\%) < 87 + 2 \log P_n$.».

No seguinte parágrafo, onde di: «Rendemento a carga parcial de 0,3 Pn e a unha temperatura media da auga na caldeira de ≥ 50 °C: $\eta (\%) \leq 80 + 3 \log P_n$.», debe dicir: «Rendemento a carga parcial de 0,3 Pn e unha temperatura media da auga na caldeira de ≥ 50 °C: $\eta (\%) < 83 + 3 \log P_n$.».

Na páxina 2, punto 7.c), onde di: «Rendemento a potencia nominal e unha temperatura media da auga na caldeira de 70 °C: $\eta \leq 87 + 2 \log P_n$.», debe dicir: «Rendemento a potencia nominal e unha temperatura media da auga na caldeira de 70 °C: $\eta (\%) < 90 + 2 \log P_n$.».

No parágrafo seguinte, onde di: «Rendemento a carga parcial de 0,3 Pn e a unha temperatura media da auga na caldeira de ≥ 50 °C: $\eta \leq 83 + 3 \log P_n$.», debe dicir: «Rendemento a carga parcial de 0,3 Pn e unha temperatura media da auga na caldeira de ≥ 50 °C: $\eta (\%) < 86 + 3 \log P_n$.».